

TEMA 3. O esquema do noso proxecto globalizado.

Esta non é unha formación xeral sobre ABP polo que ademais de tratar os puntos fundamentais no traballo por proxectos iremos vencellando a posibles aplicacións da AEM (tanto das aplicacións como dos dispositivos) en cada fase de dito proxecto nos vindeiros temas

FASES DO PROXECTO

Dentro da metodoloxía ABP podedes atopar unha gran cantidade esquemas para traballar o proxecto, imos tentar condensalas en 5 puntos fundamentais que máis adiante nos sirvan para esquematizar o proxecto e poder aplicar as novas tecnoloxías móbiles a cada unha delas.

1. RETO ou PREGUNTA inicial.

Toda investigación a calquera nivel, desde un neno/a tentando saber como funciona o seu novo xoguete ata os pasos iniciais dunha investigación contra o cancro comeza dunha mesma forma: establecendo unha necesidade inicial ou pregunta.

Temos que dalgún modo ter en conta a intensidade de dita pregunta xa que non pode ser demasiado xeral como para non poder comezar un traballo baseado nela mesma, nin demasiado intensa que non poda ser empregada e comprendida polo alumnado.

Non temos que entender esta fase como o simple feito de formular unha pregunta senón como unha fase xa de coñecemento onde temos que achegar ao alumnado a ese contextos onde imos realizar a pregunta.

Por exemplo: non serviría de nada formular a pregunta **“Como se construíron as pirámides en Exipto?”** se o noso alumnado non ten unhas nocións básicas fundamentais de que eran a cultura e o pobo exipcio, cales eran as carencias que tiñan, canto anos fai que existiu, etc.

Responder a estas preguntas secundarias de forma máis profunda tamén formará parte de proxecto, da fase de investigación, pero é fundamental unha achega inicial.



2. INVESTIGACIÓN EN PROFUNDIDADE


Aínda que todas as partes do proxecto teñen a súa máxima importancia pode que esteamos diante dunha fundamental, da que en gran medida aporta o valor esencial deste tipo de metodoloxía.

Estamos ante a oportunidade de que o alumnado aprenda que investigar non é tan só buscar en Google senón que investigar abre a porta a realizar continuamente máis preguntas tanto a eles mesmos como aos seus compañeiros de proxecto. Destas novas preguntas xorden as diferentes ramas sobre as que van traballar os diferentes grupos de traballo.

Así mesmo seguindo o exemplo básico das pirámides poden xurdir estas preguntas:

De que tipo de pedra están feitas?
Que utilidade tiñan?
Como se dividía o traballo na súa construción?
Como eran por dentro?
Etc

Así a súa vez poderían ir xurdindo máis e máis preguntas. Temos que motivar ao alumnado a que a vez que vai resolvendo preguntas vaia creando outras para permitir o avance da investigación.



3. REFLEXIÓN


É fundamental que durante todo o proxecto o alumnado, e tamén o docente que canaliza o proxecto deben reflexionar sobre o que están aprendendo, por que están aprendendo isto e moi importante tamén: como están levando a cabo esa aprendizaxe.

Non falamos dunha reflexión en sentido “filosófico” senón dunha reflexión real mediante a creación de “diarios de traballo”, listas de fitos importantes achados no proceso, novas preguntas que podan xurdir.

Esta reflexión máis aló de conformar un material escrito que pode ser revisado polo docente ten que dar lugar tamén a postas en común reflexivas entre o alumnado, na que cada grupo pode expoñer as súas dúbidas ao resto, comparalas e se é posible resolvelas entre todos.

Unha pregunta fundamental para que o alumnado reflexione sobre o traballo que vai facendo e simple e sinxela: que levamos aprendido ata agora?

Dentro desta fase de reflexión podemos incorporar tamén unha fase de crítica e revisión onde dun xeito previo a presentación final dos materiais co proxecto finalizado o alumnado pode amosar o froito do seu traballo a docentes ou expertos na materia para ter unha asesoría e opinión final cara a presentación do proxecto ao público.



4. PRESENTACIÓN PÚBLICA

Como xa dixemos desde un principio temos que considerar en parte o proceso do traballo no proxecto como unha produción. Non queremos dicir con isto que a única finalidade de realizar un proxecto sexa a creación dun material final que presentar, xa que nos puntos anteriores vemos como o traballo continuo e enormemente valioso pero podemos aportar 3 puntos fundamentais polo que é necesaria unha presentación pública do material do noso traballo.

1. A presentación pública motiva e reforza enormemente ao alumnado. Non é igual de motivador para eles realizar unha presentación para os seus compañeiros e mestre/a que para a súa familia, resto de compañeiros do centro, etc.

2. Damos a oportunidade ao alumnado de converter o seu aprendizaxe en algo concreto, tanxible, que poden compartir e amosar ao resto.

3. A exposición destes traballos ao resto de comunidade educativa é un xeito excepcional de achegar o noso traballo aos pais e nais e así poden coñecer e valorar máis de preto o traballo do docente e alumnado.

5. AVALIACIÓN.

O traballo non remata coa exposición pública dos materiais finais ao resto da comunidade educativa. Xa dixemos varias veces que todo o proceso de creación do proxecto é determinante e fundamental e este derradeiro paso tamén.

Non falamos solo dunha avaliación desde o docente ao alumnado, falamos de avaliación a cada alumno/a, avaliación do grupo en conxunto, avaliación dos materiais finais, auto-avaliación do alumnado e tamén auto-avaliación e crítica a nos mesmos.

Xa dixemos ao comezo que a ABP é moi extensa, e igualmente o son os diferentes modos de traballar con ela. Tentamos resumir nestes 5 puntos as principais achegas dos diferentes enfoques para coñecer os puntos fundamentais sobre os que poderemos aplicar a AEM con dispositivos e aplicacións.

